

Variación *versus* permanencia en 46 anos de léxico hipolóxico

Fernando Groba Bouza¹

Recibido: 7 de outubro de 2021 / Aceptado: 15 de xuño de 2022

Resumo. Este artigo ten, como obxectivo principal, analizar o cambio lingüístico a nivel social e xeográfico no galego oral de 71 unidades denominativas que pertencen a tres subáreas temáticas do ámbito da hipoloxía: denominación de equinos, partes do corpo e accións vitais. Para iso, agrupa e contrasta a información dialectal, o número de rexistros e as porcentaxes de frecuencia de uso de diferentes denominacións que comparte a tese de doutoramento *O léxico da hipoloxía no galego oral* e a base de datos que serviu como fonte de información para a súa realización con dúas obras elaboradas en dous momentos anteriores: o *Glosario de voces galegas de hoxe* e o *Atlas lingüístico galego*. Trátase de tres estudos que achegan, no seu conxunto, información lexicolóxica xeolingüística sobre unha rede que posúe un total de 319 puntos xeográficos distintos nunha franxa temporal que abrangue case medio século. No resultado, a pesar das diferenzas que presentan *per se* as tres obras en canto ao tipo de autoría, fontes, obxectivos, ámbito e campo de estudo, fica demostrada a versatilidade e o inmenso valor dos seus datos para valorar e observar como aumentan, diminúen ou manteñen todas e cada unha das denominacións que teñen en común.

Palabras chave: cultura; linguas romances; dialectos; vocabulario; cambio lingüístico; galego.

[es] Variación *versus* permanencia en 46 años de léxico hipolóxico

Resumen. Este artículo tiene, como objetivo principal, analizar el cambio lingüístico a nivel social y geográfico en el gallego oral de 71 unidades denominativas que pertenecen a tres subáreas temáticas del ámbito de la hipología: denominación de equinos, partes del cuerpo y acciones vitales. Para eso, agrupa y contrasta la información dialectal, el número de registros y los porcentajes de frecuencia de uso de diferentes denominaciones que comparte la tesis doctoral *O léxico da hipoloxía no galego oral* y la base de datos que sirvió como fuente de información para su realización con dos obras elaboradas en dos momentos anteriores: el *Glosario de voces galegas de hoxe* y el *Atlas lingüístico galego*. Se trata de tres estudios que aportan, en su conjunto, información lexicológica geolingüística sobre una red que posee un total de 319 puntos geográficos distintos en una franja temporal que abarca casi medio siglo. En el resultado, a pesar de las diferencias que presentan *per se* las tres obras en cuanto al tipo de autoría, fuentes, objetivos, ámbito y campo de estudio, queda demostrada la versatilidad y el inmenso valor de sus datos para valorar y observar como aumentan, disminuyen o mantienen todas y cada una de las denominaciones que tienen en común.

Palabras clave: cultura; lenguas romances; dialectos; vocabulario; cambio lingüístico; gallego.

[en] Variation *versus* Permanence in 46 Years of Hypological Lexicon

Abstract. The main objective of this article is to analyze the linguistic change at the social and geographical level in oral Galician of 71 denominative units that belong to three thematic subareas in the field of hypology: denomination of horses, body parts and vital actions. To do this, it groups and contrasts the dialectal information, the number of records and the percentages of frequency of use of different denominations shared by the doctoral thesis *O léxico da hipoloxía no galego oral* and the database that served as a source of information for its realization with two works elaborated in two previous moments: the *Glosario de voces galegas de hoxe* and the *Atlas lingüístico galego*. These are three studies that provide, as a whole, geolinguistic lexicological information on a network that has a total of 319 different geographical points in a time span that spans almost half a century. As a result, despite the differences between the three works in terms of type of authorship, sources, objectives, scope and field of study, the versatility and immense value of their data is demonstrated to assess and observe how they all increase, decrease or maintain each and everyone of the denominations they have in common.

Keywords: Culture; Romance Languages; Dialects; Vocabularies; Language Change; Galician.

¹ Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Correo-e: fgroba@edu.xunta.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-3668-2387>.

Sumario. 1. Introducción. 2. Metodoloxía. 3. Resultados. 3.1. Denominación de equinos. 3.1.1. *Besta, bestia**, *burra/o, egua*. 3.1.2. *Gado, gando, ganado**. 3.1.3. *Garañón, marañón, semental, caballo padre, caballo de posto, caballo enteiro, colludo*. 3.1.4. *Macho, mulo**. 3.1.5. *Machorra, marnuga, maronda*. 3.1.6. *Madre, mai, nai*. 3.1.7. *(Besta) encravada/o, caballo alobado, caballo faco, (cría-mula) burreño/a*. 3.2. Partes do corpo. 3.2.1. *Clin**, *clina**, *crin, crina/s, greñas, melena, quilina, quina/s, seda/s*. 3.2.2. *Dentadura, dentes*. 3.2.3. *(Dente) cairo, caninos, caveiros*. 3.2.4. *(Dente) mamón, mamote, o da mama*. 3.2.5. *Encía**, *enxiva, xenxiva*. 3.2.6. *Lengua**, *lingua*. 3.2.7. *Nascarilla/s, beche, pulpullo, xoello*. 3.3. Accións vitais. 3.3.1. *Abortar, aborto, espoltrar(se), malparir(-se)*. 3.3.2. *Grinar, griñir, relinchar*, relincho*, rinchar, rincho*. 3.3.3. *Coucear, escoucear, couce, patada, pinote*. 3.3.4. *Cozarse, escofarse*. 3.3.5. *Magoar, menciñar*. 3.3.6. *Espoldre(x)ar*. 4. Para recapitular. 5. Reflexión final. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Groba Bouza, Fernando. (2022): “Variación versus permanencia en 46 anos de léxico hipolóxico”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, pp. 137-159, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.90529>.

1. Introducción

A historia recente da Dialectoloxía da lingua galega conta cunha serie de estudos que permite facer análises comparativas e complementarias coas que se poden reconstruír radiografías, cada vez máis precisas, do uso diacrónico e diatópico de multitude de formas lingüísticas. A este respecto, a Filoloxía galega conta xa con algunhas experiencias sobranceiras: o GVGH, que reúne diferentes “Teses e Tesiñas ou estudos especializados [...] traballos monográficos de Lexicografía en diversos puntos do ámbito galego” (GVGH 1985: 7); o ALGa, que, para alén da información que recollen os seus mapas, aconsella completala co propio GVGH (ALGad 2003: 11); ou o OLV, que combina os datos do ALGa cos que achegan as enquisas de estudantes da materia de Lingüística Románica que se fixeron entre os meses de marzo e abril de 1969 ou con outras obras como é o propio GVGH (OLV 2008: 22).

Pois ben, hai escasos meses, cando elaborabamos a tese de doutoramento LHGO, un primeiro intento na Filoloxía de recompilar e organizar o léxico da hipoloxía no galego oral, puidemos comprobar que, ao sistematizar e

comentar a información xeográfica que contiñamos na base de datos de noso, podía ser comparada e/ou complementada con estoutras obras de referencia. Por tal motivo, consideramos que podería resultar interesante facer unha análise máis pormenorizada daqueles casos en que a nosa achega puidese actualizar e mesmo completar a de análises anteriores porque sospeitamos que, a partir da súa análise, poderemos enxergar e desvelar tendencias de mantemento ou cambio lingüístico que nos digan cales destas formas aumentaron, diminuíron ou mantiveron os seus usos xeográfico e social.

2. Metodoloxía

Para realizarmos esta análise comparativa, primeiramente, procuramos todos aqueles casos que o LHGO compartía e contrastaba co GVGH e cos ALGa² e ampliamos con algunhas outras voces fortemente vinculadas coas que xa atopamos e que tamén partillaban o GVGH e os ALGa co LHGO. A continuación, para situármolos e facérmolos unha idea da área xeográfica e da intensidade de análise coa que estabamos a traballar e coa que nos íamos enfrontar confeccionamos un mapa (véxase a Figura 1) que abranguese toda a área que analizan o GVGH (45 puntos)³, os ALGa (167)⁴ e o LHGO (107)⁵ e dese conta de todos e de cada un dos puntos xeográficos que contemplaban. O resultado foi unha rede de mostras de fala que atinxe un total de 319 lugares. Deste modo, a ampla cobertura entre a suma dos tres estudos e a alta proximidade entre os puntos resultantes conformaban e conforman un nivel de análise moi detallado e completo.

Despois, para reunir e sistematizar toda a información que achamos no primeiro paso, elaboramos unha táboa coas formas comúns aos tres traballos, con cadansúas variantes, o número de ocorrencias e os lugares de recollida. O resultado: 158 unidades denominativas compartidas vinculadas cos 6 bloques temáticos en que está dividido LHGO (denominacións dos equinos, da morfoloxía e constitución, da faneróptica, da anatomía interna, das accións vitais e dos problemas de saúde; LHGO 2020: 10-12). Ao lado de cada forma, na

² Incluso botamos man dos datos do OLV, por posuír datos do ALGa que non atopamos nos volumes publicados até o momento e que el si contemplaba.

³ 44 puntos en territorio galego e 1 en Zamora.

⁴ 152 en Galiza e 15 nas comarcas galegófonas de Asturias, León e Zamora.

⁵ 87 na Galiza administrativa actual, 9 nos concellos galegofalantes de Asturias, León e Zamora e 11 en concellos do norte de Portugal.




Figura 1. Mapa con indicación dos puntos xeográficos que compilan o GVGH, o ALGa e o LHGO
Fonte: elaboración propia a partir dos datos do ALGa (1990: 11-12), GVGH (1985: 7-11) e LHGO (2020: 627-629)

propia táboa, figuraba a fonte bibliográfica en que se recollía, os lugares onde se escoitaron e unha porcentaxe de uso.

Para calcularmos esta cifra –a da frecuencia de empregabilidade–, realizámolo consoante o número total de rexistros da forma denominativa en cuestión e a súa proporción (aplicando unha regra de 3) de acordo ao número total de puntos de análise de cada unha das fontes. É dicir, que, se o GVGH –que dá conta dun total de 45 puntos xeográficos– indica que a voz *abortar* foi rexistrada en 9 lugares, presenta, xa que logo, unha frecuencia de uso dun 20% (a operación sería: $9 \times 100 = 900 : 45 = 20$).

A seguir, como este corpus que obtivemos inicialmente podía resultar excesivo para unha investigación como a que estabamos a desenvolver, acordamos acoutar o obxecto de estudo. Así, das 158 designacións comúns, deixamos fóra 24 que podían crear problemas metodolóxicos dado o seu carácter polisémico, 3 que tiñan que ver máis coa variación morfolóxica ca coa lexical propiamente dita, e 61 máis que denominan os órganos xenitais femininos e masculinos (35), problemas de saúde (21) e parasitos (5) porque nos obrigaría a excedernos na extensión permitida para este tipo de investigacións e porque, ao mesmo tempo, por eles mesmos, conforman material totalmente autónomo e suficiente capaz de ser foco dun novo estudo.

Traballamos, xa que logo, con 71 unidades denominativas que pertencen aos subtemas de denominación de equinos, partes do corpo e accións vitais e que agrupamos, de forma xeral e agás contadas excepcións, arredor da mesma base conceptual (concepto ‘femia do *Equus ferus caballus*’ = *besta, egua e burra*) das que posuímos, como mencionamos arriba, rexistro do uso dialectal nas tres obras de referencia que, asemade, corresponden a tres momentos históricos distintos: o GVGH compila os datos recollidos no ano 1969, o ALGa de datos compilados entre 1974-1977 e o LHGO, entre 2014-2015.

Para comentarmos as formas no seu tratamento xeolingüístico, cando o LHGO non achegue a información diatópica, ofreceremos, como primicia e como material inédito, todos aqueles datos que figuran no arquivo que elaboramos para a súa confección e que consideramos pertinente para o presente estudo.

Para rematarmos coa descrición da metodoloxía, tamén temos que ter presentes as diferenzas da natureza de cada unha destas investigacións que serviron de piar fundamental para este estudo: amplitude do estudo, persoas investigadoras, metodoloxía empregada,

así como os seus obxectivos. O GVGH é un glosario que recolle as voces daquelas teses ou tesinas feitas por alumnado universitario a partir de “cuestionarios comúns básicos ós que se engadían naturalmente as aportacións propias de cada autor” (GVGH 1985: 7); o ALGa é un atlas lingüístico “que está constituído polas 167 enquisas realizadas [...] por Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González” (ALGa 2003: 11) que, por aqueles tempos, xa eran persoas licenciadas e investigadoras do Instituto da Lingua Galega; e o LHGO é unha tese de doutoramento sobre o léxico da hipoloxía feita por un doutorando da Universidade de Vigo, que foi bolseiro de investigación tanto no Instituto da Lingua Galega como do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, a partir dunha entrevista-cuestionario de 145 interrogantes e dun catálogo fotográfico que contiña 232 instantáneas (se ben, tamén cómpre salientar que non todas as persoas entrevistadas seguiron o mesmo itinerario unha vez que a metodoloxía era guiada mais cun carácter flexíbel e aberto) (LHGO 2020: 36-38).

Deste modo, as tres obras presentan certas diferenzas no rigor científico (estudantes universitarios, investigadores xa licenciados e membros do Instituto da Lingua Galega e alumno de doutoramento con varios anos de experiencia investigadora), na profundidade dos estudos e no foco (glosario feito a partir de traballos monográficos de Lexicografía, un atlas con vocación de recoller a maior mostra de lingua xeral na lingua galega e o primeiro intento de compilación e sistematización do léxico equino) así como tamén no número de puntos xeográficos analizados (lembramos: 45, 167 e 107, respectivamente) e no ámbito xeográfico que abranguen (o GVGH circunscribe á Galiza administrativa actual –só engade un punto fóra en Porto de Seabra (Zamora)–, o ALGa amplía aínda máis a zona dos concellos que falan galego nas provincias de Zamora, León e Asturias, e o LHGO dá conta das zonas que posúen unha maior tradición e concentración na terminoloxía e vocabulario hipolóxico en territorio galego, territorio estremeiro mais tamén miñoto e trasmontano no norte de Portugal).

3. Resultados

A seguir, clasificaremos e amosaremos todas aquelas denominacións que resultaron do noso cribado. Para tal encomenda, iremos xuntando os casos consoante aquela división taxonómica baseada practicamente no mesmo

agrupamento temático que fai o LHGO no seu capítulo 5 (2020: 10-12) e, dentro de cada un, seguiremos unha ordenación alfabética para encaixar as diferentes subepígrafes.

3.1. Denominación de equinos

Comezamos pola parte que contén os termos que fan referencia aos diferentes tipos de equinos.

3.1.1. *Besta, bestia**, *burra/o, egua*

A femia do *Equus ferus caballus* é a primeira que presenta unidades denominativas que comparten as tres fontes bibliográficas que empregamos como referencia. A Táboa 1 achega as formas en cuestión, indica a obra en que aparece, o número de rexistros e a porcentaxe de uso estimada.

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Besta	24	118* ⁶	43	53,33	70,66*	40,18
Bestia*	1	19*	1	2,22	11,37*	0,94
Burro/a	1	-	23	2,22	-	21,49
Egua	12	43	46	26,55	25,75	42,99

Táboa 1. Denominacións para a femia do *Equus ferus caballus*

Así, no que respecta ao número de rexistros, pódese ver como as denominacións propiamente galegas, *besta* e *egua*, experimentan un incremento no número de rexistros entre a obra máis recente (LHGO, 2014-2015) e as máis antigas (ALGa, 1974-1977, e GVGH, 1969). Agora ben, a porcentaxe de uso indica que só *egua* aumenta realmente, nun 16,44; mentres que *besta* baixa nun 13,15. No caso de *besta* e *bestia**, os rexistros do ALGa só nos serven para ver a proporción de uso no propio atlas mais non podemos situalas ao mesmo nivel ca as outras porque, neste caso, as formas posúen unha análise xeral e non específica para referirse ao ámbito equino como si o fan GVGH e LHGO. Pola súa banda, o castelanismo *bestia**, presenta un emprego moito máis reducido ca *besta*, en xeral, e practicamente testemuñal para referirse á femia do cabalo.

Resultounos estraño que a denominación *égoa*, que posúe unha presenza destacada no ALGac (1999: 164-165) ao posuír 68 rexistros (é dicir, unha frecuencia de uso de 40,72%), non se atopa documentada en ningunha das outras dúas investigacións.

No LHGO, aparece tamén unha denominación para referirse á femia do cabalo que non aparece nas outras dúas. Trátase da forma *burra*, que foi constatada en 10 (9,35%) lugares. No entanto, o que si atopamos no GVGH, cun único rexistro (2,22%), en Navia de Suarna, é *burro*⁷ para se referir aos cabalos en xeral; e, no LHGO, con outros 10 (9,35%) e 3 (2,81%) máis referidos ao macho do *Equus ferus caballus*.

Xeograficamente, *besta* e *bestia** distribúense de forma complementaria polo territorio que abranguen os tres estudos. A primeira variante ocupa as provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense na súa totalidade así como o a metade occidental e sur da de Lugo (cfr. ALGac 1999: 484-485; LHGO 2020: 78 (nota 47) e 147; e GVGH 1985: s.v. *besta*). O rexistro que achega o LHGO de *bestia** é en Samos (na parroquia de San Xosé de Santalla) e o do GVGH, en Pedrafita do Cebreiro⁸. Deste modo, a forma galega non só se mantén, senón que o castelanismo non se estendeu; nos concellos lugueses de Sarria, Baleira e da Pastoriza ou até no leonés de Sobrado, onde se podía agardar *bestia**, o LHGO compila *egua* nos 4 lugares e *burra* tamén en Baleira.

No que respecta á distribución territorial de *egua*, presenta unha dispersión moito máis homoxénea e posúe rexistros por todo o territorio (véxase ALGac 1999: 164-165; LHGO 2020: 147; e GVGH 1985: s.v. *egua*).

3.1.2. *Gado, gando, ganado**

Este grupo, que fai referencia ao ‘conxunto de animais mansos de catro patas como vacas, bois, cabalos, porcós, ovellas etc., que se crían xuntos para a súa explotación’ (DRAG: s.v. *gando*), non se pode analizar co que se ve a simple vista. Aparentemente, se vemos os valores totais das tres obras fonte (Táboa 2), semella que as formas *gado* e *gando* aumentaron as súas porcentaxes de uso nun 2,35 e nun 9,19,

⁶ O asterisco que acompaña as cifras das táboas indican que a fiabilidade do valor é relativa por haber unha oposición de valor xeral/específico co resto.

⁷ E a variante *burrico*.

⁸ Co valor xenérico de ‘animal equino en general’, o GVGH compila *bestia** no concello pontevedrés de Tomiño e nos lucenses de Ribadeo, Castroverde, A Fonsagrada e Navia de Suarna.

respectivamente, entre 1969 e 1974-1977 e que as diminuíron, drasticamente, entre este último intervalo e 2014-2015, nun 31,71% e nun 37,85%. Polo seu lado, a forma castelá *ganado**, que non aparece no glosario de Constantino García, descendería, en 40 anos, un 8,95%.

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Gado	17	67	9	37,77	40,12	8,41
Gando	15	71	5	33,33	42,52	4,67
Ganado*	-	29	9	-	17,36	8,41

Táboa 2. Denominacións para o conxunto de animais domésticos

Mais cómpre sermos prudentes cos datos e ter en conta que, no LHGO, non se lles preguntou, de forma sistemática, ás persoas por algo semellante ao que define o DRAG, senón que foron voces que xurdiron dun xeito espontáneo ao falar dos equinos, nin coñecemos se se fixo tampouco no GVGH. Así que, esa lectura non é fiábel. Agora ben, o que si podemos afirmar, con máis seguridade, é a relativa maior presenza da denominación que prescinde da vogal nasal na coda silábica (tanto no GVGH coma, en maior medida, no LHGO) e o aumento do uso da forma castelá co paso dos anos, que iguala a *gado* e supera, en case o dobre, a *gando*.

Dialectalmente (véxase o mapa da Figura 2), se imos de oeste a leste, os dominios lingüísticos de cada forma están bastante marcados: *gando* predomina na Galiza occidental ocupando, case na súa totalidade, as provincias de Pontevedra –agás a esquina suroeste, onde aparece, de forma exclusiva *gado*–, da Coruña –excepto a parte oriental– e a zona oeste da provincia de Ourense; *gado*, para alén do Baixo Miño e da franxa este da provincia da Coruña, abrangue o resto da provincia de Ourense, parte do sur de Lugo e boa parte do norte;

en cambio, a denominación castelá *ganado** ocupa, por completo, a franxa oriental do territorio galegófono e vai penetrando en forma de cuña –cunha punta que chega aos concellos de Santiso e Arzúa– para occidente.

Se nos fixamos na liña do tempo que nos marcan as datas das entrevistas das tres obras de referencia, podemos ver: como as tres unidades denominativas manteñen, en xeral, os seus territorios; tamén como *gando* vai ocupando a parte norte das provincias lucense e coruñesa que lle correspondía a *gado* –nos concellos de Cedeira, Muras, Mondoñedo e Rábade–; como avanza a penetración do castelánismo, de modo sutil, para occidente –en Arzúa, Moeche e Negreira–; e como ve reducido o seu uso a variante *gado* –comentabamos máis arriba que presentaba maior frecuencia ca *gando* para alén de ser a única que compartimos co dominio luso– na Galiza administrativa actual, unha vez que, das 9 ocasións en que aparece, 4 pertencen ás falas miñotas.

3.1.3. *Garañón, marañón, semental, cabalo padre, cabalo de posto, cabalo enteiro, colludo*

Outra cuestión sobre a que atopamos tamén diferente variedade denominativa que aparece no GVGH, nos ALGa e no LHGO é o *Equus ferus caballus* macho seleccionado para a reprodución. Dúas delas, *garañón* e *marañón*, proveñen das voces de orixe onomatopeica *grinar* e *grñir* que serán comentadas máis adiante (véxase § 3.3.2) que nacen do son que emiten os cabalos; outra coas formas *semente* ou *seme* (*semental*); a seguinte coa condición de pai xestor (*cabalo padre*); a seguinte co feito de seren animais que viven nun determinado lugar ao que desprazan as femias da contorna para seren fertilizadas (*cabalo de posto*); e as dúas últimas ao feito de o animal ter os dous testículos e non ser capado (*cabalo enteiro* e *colludo*).

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Cabalo padre	-	1 (<i>boi padre</i>)	4 (1 <i>para padre</i> e 1 <i>o padre</i>)	-	0,59	3,74
Cabalo de posto	2	2 (<i>boi de puesto</i>)	4	4,44	1,19	3,74
Cabalo enteiro	1	1 (<i>boi enteiro</i>)	7+62 (<i>enteiro</i>)	2,22	0,59	6,54+57,94
Colludo	2 (1 <i>culludo</i>)	4 (3 <i>boi colludo</i> , 1 <i>pocho colludo</i>)	6	4,44	2,39	5,61
Garañón	5 1 <i>grañón</i>	-	21 4 <i>grñón</i>	11,11 2,22	-	19,63 3,74
Marañón	2	-	3	4,44	-	2,81
Semental	3	1	31	6,66	0,59	28,97

Táboa 3. Denominacións para o cabalo semental




Figura 2. Distribución das formas *gado*, *gando* e *ganado** segundo o GVGH, o ALGa e o LHGO
 Fonte: elaboración propia a partir dos datos do GVGH (s.v. *gado*), ALGac (1999: 254-255) e LHGO (2020: 78)

Neste grupo de formas denominativas tan específico, o ALGa non achegou case información e a que incluímos na táboa foi a que contén o OLV para os touros que exercen tal función reprodutora. Ao mesmo tempo, o LHGO presenta un número de rexistros maior ca as outras dúas fontes dado o seu carácter específico. Deste modo, agás *cabalo de posto* e *marañón*, que posúen unha valoración porcentual lixeiramente menor ca o GVGH, todas as outras son superiores e, nalgún caso, manifestamente superiores; tal e como acontece en *cabalo enteiro* (+62,26%), *semental* (+22,31%), ou *garañón* (+8,52%).

No GVGH, engadimos a variante *grañón* pola proximidade que ten con *garañón* mais, curiosamente, non aparece no LHGO, que si contempla, en cambio, *griñón*.

No glosario de Constantino García, tamén aparece outra designación que está totalmente ausente nos outros dous estudos: a forma *cabalo de parada*⁹, que rexistra no concello coruñés de Touro e nos ourensáns de Xunqueira de Ambía, Montederramo, A Gudiña, A Mezquita e Vilardevós. Posibelmente fose porque o LHGO non entrevistou exactamente por esas zonas ou porque tal denominación vai esvaecendo.

Segundo OLV, os datos do ALGa rexistran *boi padre* (OLV 2008: 69) no concello pontevedrés de Vila de Cruces e, de acordo co ALGaf (2020: 36-37), a forma (*meu~mi*) *padre* aparece en 30 puntos máis que se distribúen, sobre todo, nas zonas galegofalantes estremeiras leonesa e asturiana, nas galegas que están próximas a elas e nunha pequena área no norte da provincia da Coruña. Mentres tanto, o LHGO contempla *cabalo padre* nos municipios pontevedreses de Santa María de Oia e Gondomar, *padre* ('pai') no lugués de Xove e *padre* ('semental') no asturiano de Villaión. Deste modo, os rexistros da forma *padre* no canto do suroeste pontevedrés son unha novidade a respecto da información dialectal previa.

Cabalo de posto é unha unidade denominativa circunscrita á provincia da Coruña, nomeadamente ao suroeste. O GVGH localízase nos concellos de Touro e Tordoia e o LHGO nos de Lousame, Cambre, Rois e Negreira. Pola súa banda, o ALGa (OLV 2008: 69) atopa tamén *boi de puesto* por localizacións moi próximas, en Vimianzo e Vedra.

No que atinxe a *cabalo enteiro*, o estudo de Constantino García sitúaa en Xunqueira de Ambía, no centro da provincia de Ourense; o estudo das persoas investigadoras do Instituto da Lingua Galega, *boi enteiro*, no municipio lugués de Guntín (OLV 2008: 69); e a tese de doutoramento sobre o léxico da hipoloxía, na Caniza, Lousame, O Carballiño, San Amaro, Muras, Rois e Paredes de Coura. Isto indica que estamos diante dunha forma que presenta unha dispersión xeográfica dispersa e unha vitalidade que se mantén co paso dos anos e que se reafirma nos 62 puntos en que o adxectivo *enteiro* se refire ao 'equino macho que mantén intactos os dous testículos'.

Colludo, sinónimo de *enteiro*, é unha denominación que se concentra, sobre todo, na metade suroeste do territorio galego; rexístrase na Capela (GVGH), no Grove (GVGH, baixo a variante *culludo*), Guitiriz (LHGO), Santa María de Oia (LHGO), Mondariz (LHGO), Covelo (LHGO), Lobeira (LHGO) e San Cristovo de Cea. Tamén *boi colludo* (OLV 2008: 69): Bueu, Arbo e Guntín; e *pocho colludo* (OLV 2008: 71): Sanxenxo. A novidade no LHGO, para alén de presentar maior número de lugares de uso, son, nomeadamente, os concellos que se sitúan na provincia de Ourense.

Garañón e *marañón*, que non aparecen nos ALGa, figuran no GVGH e no LHGO do seguinte modo:

- No GVGH, *garañón* (que aparece definido cun significado lixeiramente distinto: 'caballo pequeno para probar si la yegua está en celo') ocupa a franxa oriental que corresponde cos concellos de: Ribadeo, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro e Montederramo. Non así a variante *grañón*, que foi atopada no outro extremo do mapa, en Dumbría. No entanto, as entrevistas do LHGO atópano nas provincias da Coruña (Porto do Son, Boqueixón e San Sadurniño), de Lugo (Muras, Mondoñedo –3 persoas–), de Pontevedra (Meis –2 persoas–, A Estrada, Pontevedra, Gondomar, Vigo, Mondariz), de Ourense (Lobios) e nas falas lusas próximas (Arcos de Valdevez, Vieira do Minho –2 persoas–, Valença do Minho, Terras de Bouro, e Bragança). E *griñón* en Lousame, Rois, Moraña e Pontevedra.

⁹ Neste caso, a *parada* era o lugar (*parada de sementais*) en que residía o animal e onde exercía de semental.

- *Marañón*, no glosario, aparece na Capela e no Valadouro e, na tese que versa sobre o léxico equino, en Abadín, Moeche e Negrreira. Xa que logo, na metade norte das provincias da Coruña (3 localizacións) e de Lugo (2).

En canto a *semental* –que o GVGH localiza en Carballo, Laxe e Santiago de Compostela e o ALGa en Ibias (OLV 2008: 71)–, LHGO sitúao en 32 puntos que se estenden por case todo o territorio estudado, con excepción das falas estremeiras do norte de Portugal (soamente se recolle nun informante de Terras de Bouro), nin tampouco polos concellos do norte de Lugo (só un informante en Viveiro) nin polos do suroeste coruñés¹⁰.

3.1.4. *Macho, mulo**

O exemplar de sexo masculino que resulta do cruzamento dun proxenitor que pertence á especie *Equus ferus caballus* e outro do *Equus asinus* adoita presentar dúas formas denominativas: a xenuína galega (*macho*)¹¹ e a castelá (*mulo**).

Estas dúas formas denominativas aparecen no GVGH e no LHGO. No primeiro, *macho* presenta 23 rexistros e 26, na segunda, e *mulo**, 6 no GVGH e 23 no LHGO. Xa que logo, a forma autóctona perdeu presenza (aínda que que o LHGO suma 3 puntos máis) nos últimos 46 anos. En tantos por cen, *macho* diminuíu un 30,82% e *mulo** incrementou 8,18%.

Segundo o GVGH, *macho* espállase por concellos das catro provincias galegas, tales como: Aranga, Curtis, Carballo, Laxe, Dumbria, Tordoia, Santiago de Compostela, Touro, Melide, Vila de Cruces, A Estrada, Tomiño, Ribadeo, Guitiriz, Castroverde, A Fonsagrada, Xunqueira de Ambía, Castro Caldelas, Montederramo, A Gudiña, A Mezquita e Vilardevós. E, segundo o LHGO, por: Porto do Son, Lousame, Rois, Melide, Moeche, San Sadurniño, Ortigueira, Ourol, Muras, Viveiro, Xove, Abadín, Mondoñedo (2 informantes), Guitiriz, Carballedo, Coles (2 persoas), Ourense, Gome sende, Lobeira, Lubián, Hermisende, Terras

de Bouro, Vieira do Minho e Moraña. Como se pode ver, *macho* perde presenza nas dúas provincias occidentais (2 rexistros na Coruña e 2 en Pontevedra) e aumenta nas orientais (5 en Lugo e 1 en Ourense); no entanto, o aumento, como puidemos ver, non é suficiente para compensar e manter a porcentaxe de uso. Non se pode esquecer tampouco que 4 dos lugares en que se recolleu pertencen a sitios de fóra de Galiza.

*Mulo**, no GVGH, foi documentado en Santa María Cabalar (A Capela), Razo (Carballo), Curtis, Santiago de Compostela, Guitiriz e en Monterroso. E en Tomiño, Vigo, Tui, Gondomar, Pontearreas, Mondariz, Pontevedra, Ribadumia, Lousame, Santa Comba, Melide, Cambre, Abadín, Guitiriz, Baleira, Sarria, Samos, O Carballiño, Ourense, Gome sende, Lobeira, Lubián e Sobrado (León) no LHGO. Neste caso, o castelanismo mantén o mesmo número de lugares nas dúas obras fonte (4 en cada unha) no que respecta á provincia da Coruña, aumenta na de Lugo (de 2 pasa a 5) e aparece, por primeira vez, nas de Pontevedra (8 lugares), Ourense (4), Zamora (1) León (2).

3.1.5. *Machorra, marnuga, maronda*

O ‘animal que carece de capacidade para procrear’ (DRAG: s.v. *machorro*) non adoita pasar desapercibido tampouco para a empresa que nos ocupa pola importancia que tivo na cultura popular a necesidade de ter que etiquetar e recoñecer aqueles exemplares que non teñen o poder de conseguir reproducir. Nin tampouco pasou no estudo xeolingüístico nos contextos portugués e galego (Cintra 1962: 6-8; Álvarez Pérez 2010: 64-66; Álvarez Pérez & Saramago: 64-68).

Nas obras de referencia, atopamos estas tres denominacións que contempla a Táboa 4. Por frecuencia de uso, *machorra*¹² é, nos tres compendios lexicolóxicos a máis empregada, no entanto, aínda que no ALGa (ALGab 1995: 124-125) posúe unha porcentaxe dun 64,67 e no LHGO presenta 7 rexistros máis ca no GVGH, a frecuencia de uso no LHGO é un 14,41 menor ca a do GVGH. A seguinte forma en ter

¹⁰ Aparece nos concellos de: Tomiño, Covelo, Gondomar, A Caniza, Vigo, Nigrán, Mondariz, Pontevedra, Meis, Coles (2 persoas), Baltar, Lobios, Samos, Monforte de Lemos, Sarria, Rábade, Castro de Rei, Guitiriz, Viveiro, Arzúa, Cedeira, San Sadurniño, Moeche, Lousame, Boqueixón, Porto de Seabra, Sobrado (León), Villaión (2 persoas), Terras de Bouro.

¹¹ Véxase o que di Costas González (2005: 150) sobre as voces *mú/múa* e a súa maior autenticidade.

¹² O GVGH tamén compila *amachorrada* na Gudiña.

maior presenza nas tres obras é *maronda*¹³, porén, no ALGa ten moita menor importancia ca a que tiña a denominación anterior e o LHGO volve marcar un valor por debaixo do GVGH, neste caso, dun 11,94% menos. En último lugar, cunha aparición case testemuñal, sitúase

*marnuga*¹⁴ (que o propio LHGO (2020: 192 e 195) indica que pode tratarse doutra voz *–reluga e relúa–*) que, aínda que non aparece como tal nas outras dúas fontes, si é certo que presenta unha proximidade moi grande con *marnúa*, que si é rexistrada no ALGa.

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Machorra	17	108*	25 (2 <i>machurra</i>)	37,77	64,67*	23,36
Marnuga	-	6* <i>marnúa</i>	1	-	3,59*	0,94
Maronda	10	31*	11	22,22	18,56*	10,28

Táboa 4. Denominacións para a femia estéril

Segundo o ALGab, o dominio lingüístico de *machorra* esténdese polas metades sur e oriental do territorio galegófono, alternando con *maronda*, *marroa*, *marzoa* e *marnúa* que ocupan, xustamente, o que resta da xeografía –practicamente, toda a provincia da Coruña e a parte da de Lugo que está a seguir–. Estas dúas grandes áreas tamén son confirmadas cos rexistros do GVGH e do LHGO, e tal é a coincidencia que o LHGO sitúa *marnuga* en Porto do Son, xusto nun dos 6 concellos onde localiza o ALGab a *marnúa*; iso si, o primeiro

sitúaa na parroquia de Ribasieira e o segundo na de Nebra. Sobre a variante *machurra* (que foi incluída na Táboa 4 con *machorra*), a base de datos do LHGO rexistra que foi atopada nos concellos de Lobios e Vieira do Minho.

3.1.6. *Madre, mai, nai*

Tamén aparecen nas fontes que serven de base para esta análise *madre*, *mai* e *nai* para se referir á ‘muller, ou femia en xeral, que tivo un ou varios fillos’ (DRAG: s.v. *nai*).

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Madre	-	29* (4 <i>miña–mi madre</i>)	4	-	17,36*	3,74
Mai	18*	68*	11	40*	40,72*	10,28
Nai	14*	88*	16	31,11*	52,69*	14,95

Táboa 5. Denominacións para a proxenitora

O GVGH indica a *nai* como variante de *mai* (que figura como entrada principal), seguramente, por posuír maior número de rexistros, porén, no LHGO e no ALGa, acontece exactamente o contrario. Significa isto que, aínda que, a forma *mai* mantivo e mesmo incrementou moi lixeiramente o seu uso entre 1969 e 1974-1977 (cun aumento de +0,72), *nai* aumentou nun 21,58% a súa proporción no mesmo período de tempo. Así e todo, nos últimos 40 anos, *mai* e *nai* manteñen, se obviamos as diferenzas metodolóxicas entre LHGO e ALGa, un uso semellante entre as dúas obras fonte máis recentes.

Xeograficamente, o reparto do territorio faise de acordo ao que achega o ALGaf (2020: 34-35). As provincias occidentais (sen ser a punta norte da Coruña) e a parte occidental da provincia ourensá (incluso O Pereiro de Aguiar e Baños de Molgas) usan *nai*; o resto de Galiza e a área zamorana emprega *mai*; e os concellos estremeiros, sobre todo os de Asturias e León, algún próximo de Ourense ou Lugo e 4 da Coruña (moi distantes entre eles), *madre*. Con menos rexistros, o GVGH coincide, á perfección, na situación das áreas das denominacións *mai* e *nai*. Tamén o LHGO (2020: 144) mais atopa *nai* nos concellos de Xove, Muras (nun

¹³ Cf. coas formas *marondón* e *marronda* que rexistra o propio GVGH.

¹⁴ As denominacións máis próximas que aparecen no GVGH son *marroa* (con 11 rexistros) e *marroeira*. *Marroa* (con 24 aparicións) e a variante *marzoa* tamén aparecen no ALGa.

falante que tamén usa *mai*) e Baltar onde o ALGa só recollía *mai*. A *mai* tamén a documenta en Valença do Minho. En canto a *madre*, no LHOG, aparece 2 veces en Mondoñedo (onde o ALGaf sinalaba *mai*), 1 en Xove (zona tamén de *mai* no ALGaf próxima á de *madre*) e outra en Villaión (Asturias).

3.1.7. (*Besta*) *encravado/a*, *cabalo alobado*, *cabalo faco*, (*cria~mula*) *burreño/a*

Para rematarmos co conxunto das denominacións dos equinos, achegamos catro que non presentan un nexa semántico-denominativo tan profundo como os agrupamentos anteriores mais que si aparecen en dúas das obras de referencia, no GVGH e LHGO.

A primeira, (*besta*) *encravado/a*, fai referencia ao animal ‘que ten un cravo inserido no casco e está a provocarlle unha molestia que, ao mesmo tempo, lle causa unha coxeira’. Desta denominación, achamos no GVGH as formas *besta enclabada*, cun rexistro (no Valadouro), e *enclabado*, con 4 (en Touro, Xunqueira de Ambía, A Gudiña e Vilardevós). E, no LHGO (2020: 438), *encravado*, con 3 (Carballedo, Abadín e Cedeira); xa que logo, con menos rexistros e en puntos totalmente diferentes ou complementarios.

A segunda, *cabalo alobado*, é aquel ‘que posúe feridas feitas polas mordeduras dos lobos’. Trátase dunha unidade denominativa que tamén aparece só no GVGH (2020: 185) e no LHGO mais nunha proporción bastante diferente (1 aparición fronte a 13 e unha diferenza de uso dun 9,93%). Polas indicacións das dúas fontes bibliográficas, é unha designación que se concentra no norte das provincias de Lugo e Ourense e zonas máis ou menos próximas. O estudo de Constantino García indica o lugar do Valadouro como único punto en que se verificou e a tese sobre o léxico equino os municipios de Ortigueira, Muras, Orol, Xove (2 informantes), Viveiro, Abadín, A Pastoriza, Mondoñedo (2 informantes), San Cristovo de Cea e Samos.

A terceira unidade denominativa, *cabalo faco*, é a que descende máis en uso: 11 (24,44%) rexistros no GVGH e 2 (1,87%) no LHGO. No que atinxe á súa distribución dialectal, xeralmente, esta forma –e o adxectivo independente *faco*– estenden o seu emprego, pola provincia da Coruña ademais do Valadouro e Vilardevós (GVGH 1985: s.v. *faco*); lugares cos que tamén coincide o LHGO ao indicarnos Ribadumia e Moeche.

E a cuarta e última, (*cria~mula*) *burreño/a* (‘fillo/a dun cabalo e dunha burra’), é a que máis incrementa a súa empregabilidade co paso do tempo: 3 (6,66%) no GVGH e 17 (15,88%) no LHGO (2020: 101). A súa área de documentación aparece en lugares moi dispares, segundo o LHGO, abrangue puntos das provincias de Pontevedra (Tomiño e Moraña), Lugo (Orol, Abadín –2 persoas–, Mondoñedo –2 persoas–, Carballedo, Guitiriz), da Coruña (San Sadurniño, Moeche, Lousame, Ortigueira, Melide), de Ourense (Lobeira) e das falas estremeiras lusas (Valença do Minho). E, consonte o GVGH, na de Pontevedra (Vila de Cruces), de Lugo (O Valadouro) e da Coruña (Touro).

3.2. Partes do corpo

Continuamos agora con aqueles grupos denominativos que pertencen á anatomía dos animais. Concretamente, son unidades designativas que teñen que ver co/s nome/s que se lles dá/n ao conxunto de pelos longos que teñen os equinos no bordo superior do pescozo, outros con partes da boca (principalmente, os dentes), do nariz, das extremidades e do casco.

3.2.1. *Clin**, *clina**, *crin*, *crina/s*, *greñas*, *melena*, *quilina*, *quina/s*, *seda/s*

Como acontecía en §3.1.7, as formas que teñen que ver cos pelos longos e fortes do pescozo que atopamos compartidas nas obras de referencia non aparecen compiladas no ALGa.

	Número de rexistros		Porcentaxes de uso	
	GVGH	LHGO	GVGH	LHGO
Clin*	1	16	2,22	14,95
Clina*	3	9	6,66	8,41
Crin	2	36 13 <i>crines*</i>	4,44	33,64 12,15
Crina/s	7	15	15,55	14,02
Greñas	1*	1	2,22*	0,94
Melena	1*	5	2,22*	4,67
Quilina	1	1	2,22	0,94
Quina/s	10 1 <i>quinacha</i>	13	22,22 2,22	12,15
Seda/s	15*	12	33,33*	11,22

Táboa 6. Denominacións para o pelo longo do pescozo dos equinos

As dúas primeiras denominacións, ambas as dúas castelanismos, experimentaron un aumento de rexistros co paso do tempo e o correspondente incremento na porcentaxe da frecuencia

de uso: *clin** aumentou, nun 12,73%, a súa presenza e *clina**, nun 1,75%. Xeograficamente, o GVGH sitúa a *clin** na Mezquita e a base de datos do LHGO en Ortigueira, Melide, Rois, A Estrada, Moraña, Gondomar, Vigo, Tui, Mondariz, San Cristovo de Cea, Carballedo (2 informantes), Coles, Gomesende, Sarria e Hermisende. En canto a *clina**, o GVGH sitúaa en Dumbría, Tomiño e Monterroso, e a información da base de datos do LHGO en Gondomar, San Cristovo de Cea, O Carballiño, Mondoñedo, Muras, Sobrado (León), Villaión, Arcos de Valdevez e Miranda do Douro.

En canto a *crin* e *crina*, aumentaron puntos de uso as dúas mais, mentres a primeira variante subiu nun 29,20% o seu emprego, a outra baixouno nun 1,53%. No LHGO, hai tamén unha forma de plural castellanizada *crines**, que foi recollida en 12 localizacións¹⁵. O estudo de Constantino García sitúa a primeira das voces unicamente nos concellos costeiros de Laxe e Ribadeo mentres que a base de datos da tese do léxico da hipoloxía a localiza en Teo, Melide, Arzúa (2 informantes), Lousame, Rois (2 persoas), Santa Comba, Negreira, Boqueixón, Cambre, Narón, Cedeira, Abadín, Friol, Rábade, Castro de Rei, Samos, Sarria, Ourense, Coles, Lobeira (2 persoas), Mondariz, Covelo, A Caniza, Tui, Vigo (2 informantes), Nigrán, Gondomar, Santa María de Oia, Ribadumia, Pontevedra, Villaión e Porto de Seabra. No caso de *crina* (unha das que se considera estándar en galego, segundo o DRAG: s.v. *crina*), no primeiro, aparece na Estrada, Castroverde, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Montederramo e Castro Caldelas e, no LHGO, en Negreira, Cedeira, Muras, Oulol, Mondoñedo, Samos (2 persoas), Baltar, Lobios, Vieira do Minho (2 informantes), Valença do Minho, Terras de Bouro, Bragança e Sobrado (León).

No que respecta a *greñas* e *melena*, cómpre mencionar que no GVGH aparecen compiladas de forma xenérica en tanto que no LHGO posúe un valor máis específico ao se referir ao desa parte do corpo deses animais. Así e todo, decidimos amosalas para valorar a súa vitalidade igualmente. *Greñas* ten unha

única mención en cada unha das dúas fontes bibliográficas (A Estrada e Guitiriz, respectivamente) e, ao posuír a segunda maior número de posíbeis puntos de recollida, a estatística dinos que descendeu a súa frecuencia de uso. Agora ben, *melena* aumenta en 4 puntos e nun 2,45% a súa presenza; o GVGH sitúaa en Santiago de Compostela e o LHGO, en Hermisende, Sobrado (León), Coles, Lobios e A Caniza.

En canto ás voces *quilina* e *quina/s*, perden porcentaxe de uso as dúas, principalmente, a segunda. *Quilina* ten 1 rexistro en cada obra de referencia (A Gudiña e Lobios, de forma respectiva) mais, igual ca en *greñas*, ao ter máis informantes entre os que dividir os resultados, no LHGO, o valor da unidade na frecuencia de uso é menor. No caso se *quina*, aínda que na obra máis recente posúe 3 situacións xeográficas máis, a porcentaxe de presenza baixa case 10 puntos e tampouco aparece a voz derivada *quinacha*, que si contiña o GVGH (que sitúa en Tordoia). Este estudo localiza *quina* na Capela, Aranga, Tordoia, Touro, Melide, Sobrado (A Coruña), Vila de Cruces, O Valadouro, Guitiriz e Guntín. E o LHGO, na Pastoriza, Abadín, Mondoñedo, Viveiro, Xove, Oulol, Muras, Ortigueira, Cedeira, Moeche (2 informantes), Negreira e Porto do Son.

En último lugar, mais non menos importante, figura *seda/s* que documenta 3 puntos menos con respecto ao GVGH e un 22,11% menos de uso. Iso si, no GVGH, aparece cun valor xenérico de ‘pelo fuerte de cualquier animal’. Os lugares en que a rexistra son: A Capela, Aranga, Carballo, Dumbría, Santa Comba, Tordoia, Santiago de Compostela, Sobrado (A Coruña), A Estrada, Tomiño, A Pastoriza, O Valadouro, Friol, A Fonsagrada, Navia de Suarna. E o LHGO, en Santa Comba, Moeche, Viveiro, Muras, Mondoñedo, A Pastoriza, Baleira, A Estrada, Pontevedra, Santa María de Oia, Tomiño e Vieira do Minho.

3.2.2. *Dentadura, dentes*

Para o conxunto de pezas dentarias, as fontes bibliográficas achegan dúas formas comúns: *dentadura* e *dentes*. *Dentadura* posúe 5 puntos de rexistro (e 11,11% de frecuencia de uso) no GVGH, 97 (58,08%) no ALGab (1995: 144-145), 101 (60,48%) no ALGae (2005: 54-55) e

¹⁵ Arzúa (2 persoas), Melide, Oulol, Castro de Rei, Sarria, Monforte de Lemos, Ourense, Coles, Baltar, Sobrado (León), Gondomar e Tui.




Figura 3. Distribución das formas *dentadura* e *dentes* segundo o GVGH, os ALGa e o LHGO
 Fonte: elaboración propia a partir dos datos do GVGH (s.vv. *dente* e *dentadura*), do ALGAb (1995: 144-145), do ALGae (2005: 54-55), do LHGO (2020: 208) e da base de datos que alicerzou a dita tese

9 (8,41%) no LHGO e *dentes*, que, como sinónimo de *dentadura*, aparece no ALGa con 42 (25,15%) rexistros (coinciden con total precisión ALGAb e ALGae) e, con 49 (45,79%), no LHGO¹⁶. Isto significa que existe unha presenza das dúas formas moi dispar entre as fontes: no caso de *dentadura*, a diferenza na porcentaxe na frecuencia de uso entre o GVGH e o LHGO fronte ao ALGa é dun 50% e, no de *dentes*, entre o ALGa e o LHGO, exactamente, dun 20,64%.

No mapa da Figura 3, é posíbel ver como as dúas formas se espallan de forma regular por todo o territorio agás nas falas do norte de Portugal onde non hai vestixios da voz *dentadura* (a pesar de ser unha das denominacións que contempla o estándar (DPLP: s.v. *dentadura*)). Ademais, no LHGO, *dentadura* perde, notoriamente, presenza en favor de *dentes* nas provincias da Coruña (cun único rexistro en Arzúa), Lugo, metade centro-oriental de Ourense e falas de Asturias, León e Zamora.

3.2.3. (*Dente*) *cairo*, *caninos*, *caveiros*

Para o ‘dente alongado, arredondado e afiado na punta’ (LHGO 2020: 209), o LHGO comparte estas tres denominacións coas outras obras de referencia. *Cairo* ou *dente cairo* é a única que aparece en todas e, como podemos ver na Táboa 7, mantén un uso bastante regular, non obstante, o que non atopamos no léxico da hipoloxía son formas con *queiro* ou *queix-*. As outras dúas voces, *caninos* e *caveiros*, figuran no ALGa e no LHGO. *Canino* amosa un número de rexistros idéntico nas dúas fontes e incluso aumenta, lixeiramente, frecuencia de uso. En troques, *caveiros* diminúe case 10 puntos.

Dentes caninos son rexistrados no ALGae (2005: 58-59) en dous puntos moi distantes: Trabada (Lugo) e Mondariz (Pontevedra). E o LHGO atopa a voz *canino* en Valença do Miño e Terras de Bouro.

Os puntos xeográficos que ocupa *dentes caveiros* no ALGae alcanzan a metade noroccidental da provincia de Ourense (dende Xinzo de Limia a Boborás), parte da de Pontevedra (Vila de Cruces, Cotobade, A Lama, Covelo, Vigo e Santa María de Oia) e 5 concellos máis da metade sur de Lugo (Lugo, Guntín, O Incio, Bóveda e Carballedo). Pola súa banda, o léxico da hipoloxía amplía a área de Ourense, ao atopar *caveiro* en Gomesende e San Cristovo de Cea e atopa un rexistro na provincia da Coruña, concretamente, en Melide.

O GVGH sitúa *cairo* nos concellos do Valadouro e de Ribadeo¹⁷ e o ALGa en todo o norte da provincia de Lugo (dende Viveiro até Negueira de Muñiz), así como no concello asturiano de Vilanova de Oscos. E o LHGO, en Mondoñedo (en 3 informantes da parroquia de Santa María Maior) e en Abadín.

As variantes con *queiro* do GVGH e do ALGa son propias da metade noroccidental da Coruña (dende Porto do Son até Mañón), tal e como sinalan os datos das dúas fontes, e da parte norte da área estremeira asturiana, segundo o ALGa. E *dente queixal* aparece en Santiago de Compostela.

3.2.4. (*Dente*) *mamón*, *mamote*, *o da mama*

Estas tres formas denominativas aparecen no GVGH e no LHGO do seguinte modo: o glosario de Constantino García rexistra no concello lugúes do Incio e no ourensán de Xunqueira

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
(<i>Dente</i>) <i>cairo</i>	2 3 <i>dente queiro</i> 3 <i>dentiqueiro</i> 1 <i>dente queixal</i>	12 20 <i>dentes queiros</i> 10 <i>dentequeiros</i>	4	4,44 6,66 6,66 2,22	7,18 11,97 5,98	3,74
<i>Caninos</i>	-	2	2	-	1,19	1,87
<i>Caveiros</i>	-	21	3	-	12,57	2,81

Táboa 7. Denominacións para os dentes alongados, arredondados e afiados na punta

¹⁶ *Dente*, no GVGH, figura como voz común (v.c.) como denominador de calquera ‘peza dentaria’ entre outras acepcións, no entanto, non co valor de *dentadura*. No ALGac 1999: 90-91, *dente*, quer con pronuncia semiaberta, quer con pronuncia semifechada na vogal trabada por nasal da sílaba tónica, está recollido en 166 dos 167 puntos xeográficos indicados.

¹⁷ Co significado de ‘colmillo del cerdo’ no GVGH 1985: s.v. *cairo*.

de Ambía a denominación *dentes da mama* e a tese doutoral sobre o léxico equino atopa *os da mama* no concello coruñés de Porto do Son. En canto a (*dente*) *mamón*, aparece 20 veces no GVGH e 4 no LHGO. E *mamote* ten 16 ocorrencias no glosario e 1 na tese. Ademais, o GVGH contempla as variantes *mameiro* (1 aparición)¹⁸, *mamudo* (1 vez) e *marmote* (1 vez).

A situación xeográfica que o GVGH lle dá a (*dente*) *mamón* é moi dispersa por todo o territorio galego e incluso alcanza Porto de Seabra. Chega a tocar os catro extremos máis afastados: Laxe, Tomiño, A Mezquita e Ribadeo. En cambio, o LHGO só a localiza en Pontevedra, Abadín, Mondoñedo e Porto de Seabra.

En último lugar, a voz *mamote*, que o LHGO sitúa só en Moeche, o GVGH distribúea por outras latitudes: San Boulo de Caaveiro (A Capela), Santa María Cabalar (A Capela), Razo (Carballo), Santaia (Gorgullos, Tordoia), Santiago de Compostela, Novefontes (Touro), Melide, Sobrado, Santa María de Oirós (Vila de Cruces), San Xurxo de Codeseda (A Estrada), Guitiriz, Friol, Guntín, Monterroso, Castro Caldelas e Verín.

3.2.5. *Encía**, *enxiva*, *xenxiva*

As voces *enxiva* e *xenxiva* teñen unha presenza testemuñal ou xa nin aparecen na base de datos que serviu como base ao LHGO (Táboa 8); a primeira non aparece e a segunda só posúe 2 rexistros. No caso de *xenxiva* (e as outras variantes que presentan o GVGH e o ALGa), que xa é (ou son) minoritarias de seu, non é moi alarmante a diferenza. No entanto, en *enxiva*, malia amosar unha presenza destacábel nas fontes máis antigas, no LHGO, está ausente.

Deste xeito, a forma castelá *encía**, que ten maior presenza no ALGa ca no GVGH e que

descende no LHGO, en realidade, ten un uso case pleno na fonte bibliográfica máis recente.

Agora ben, se agora desvelamos que os dous puntos en que aparece *xenxiva* no LHGO foron Bragança e Valença do Minho, podemos afirmar que as variedades xenuínas da lingua galega desaparecen do territorio que estudan as dúas primeiras fontes.

Pola súa banda, no ALGac (1999: 220-221), *enxivas* esténdese por boa parte do mapa de Galiza, agás polo norte, centro e centro-sur da provincia de Lugo, norte de Ourense que estrema coa de Lugo e o norte da Coruña –lugares todos en que predomina a forma castelá *encía**– e na parte occidental da provincia herculina –onde é predominante o uso da variante *ensivas*–. O GVGH tamén as distribúe *enxiba* polos mesmos lugares, no entanto, nos concellos de Aranga (onde sitúa tamén *encía**), Montederramo e Castro Caldelas, presenta *enxiba* onde o ALGa achega *encía** e, no de Laxe, rexistra *enxiba* en que o ALGa sitúa *ensivas*. Para alén de Aranga, o GVGH sitúa tamén a voz castelá en Santiago de Compostela (onde o ALGa contempla *enxivas* e *xinxivas*), A Estrada, Ribadeo, O Incio, Monterroso e Ramirás e *enciba* en Dumbría, Santa Comba e Santiago de Compostela. E o LHGO esténdea por Vigo (en Castrelos e Santo André de Comesaña), Mos, Gondomar, Tui, A Caniza, Covelo, Ribadumia, Meis, Ribadumia, Lousame, Boqueixón, Arzúa, Cedeira, Oourol, Samos, Carballedo, Baltar e Lobios.

3.2.6. *Lengua**, *lingua*

Para o nome do músculo bucal que se usa para revolver os alimentos na mastigación e na deglutición, a forma xenuína rivaliza tamén coa forma foránea, coa castelá. Neste caso, a forma

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Encía*	7 3 <i>enciba*</i>	45	19	15,55 6,66	26,95	17,76
Enxiva	21 (<i>enxiba</i>) 6 <i>inxiba</i>	96 10 <i>ensivas</i> 2 <i>encivas</i> 6 <i>enxías</i>	-	46,66 13,33	57,48 5,98 1,19 3,59	-
Xenxiva	1 <i>xinxiba</i>	5 <i>xinxivas</i> 2 <i>sinsivas</i>	2	2,22	2,99 1,19	1,87

Táboa 8. Denominacións para a mucosa bucal que recobre os dentes

¹⁸ O ALGae 2005: 56-57 tamén rexistra *dentes mameiros*, cunha soa aparición en Bande.

	Número de rexistros				Porcentaxes de uso			
	GVGH	ALGac	ALGae	LHGO	GVGH	ALGac	ALGae	LHGO
Lengua*	23 2 <i>lencua*</i> 2 <i>léngoa*</i>	133	161 7 <i>léngoa*</i> 17 <i>lencua*</i>	26	51,11 4,44 4,44	79,64	96,41 4,19 10,18	24,29
Lingua	8	24	12 10 <i>lincua</i> 2 <i>llingua</i>	5	17,77	14,37	7,18 5,98 1,19	4,67

Táboa 8. Denominacións para o músculo bucal que axuda coa mastigación e coa deglutición

que presenta un maior número de lugares de rexistro e porcentaxe de uso é, claramente, a castelá (véxase a Táboa 9) nas tres obras de referencia e cunha diferenza considerábel: no GVGH, hai unha diferenza de frecuencia de 33,34%; no ALGac, de 65,27%; no ALGae, de 89,23%; e, no LHGO, de 19,62%.

Nos dous ALGa, as unidades denominativas que presentan vogal *i* na sílaba tónica aparecen conformando dúas áreas ben definidas: a parte occidental da provincia coruñesa entre Muros, Cerceda, Malpica de Bergantiños e Fisterra e unha franxa na parte nordeste entre os concellos estremeiros de Coaña e Candín. A única diferenza entre os dous volumes é en Santiago de Compostela: o ALGac rexistra alí *lingua* e *lengua** mentres que o ALGae só contempla *lencua**.

O GVGH sitúa tamén *lingua* en Santiago de Compostela, ademais de en Cee, Dumbria, Santa Comba, Tomiño, Guitiriz, A Fonsagrada e Xunqueira de Ambía. E o LHGO, en territorio galego, só en Guitiriz e nos concellos portugueses de Valença do Minho, Terras de Bouro, Bragança e Paredes de Coura.

3.2.7. *Nascarilla/s, beche, pulpullo, xoello*

Para concluír este grupo de denominacións que teñen que ver co nomes das partes do corpo, damos conta tamén de catro denominacións que non posúen un vínculo tan estreito como as que acabamos de describir mais que consideramos valiosas para a nosa análise.

Nascarilla/s denomina as fosas nasais e aparece no GVGH e no LHGO. O primeiro documéntaa no concello coruñés da Capela (nas parroquias de San Boulo de Caaveiro e Santa María Cabalar) e o segundo, nos de Moeche, Ortigueira e Xove (en 2 informantes). Aumentan os rexistros en 2 mais a frecuencia de uso diminúe un 0,70%.

O *beche* está compilado nas tres obras de referencia e achegan a seguinte información:

- No GVGH (1985: s.v. *beche*), denomínase como o ‘conjunto de pelos que tiene la cebra bajo la quijada’ e posúe unha porcentaxe de uso dun 20% (9 casos). Concretamente, sitúa esta denominación nos concellos de Aranga, Santiago de Compostela, Melide, Vila de Cruces, Friol, Guitiriz, Guntín, Castroverde e Montederramo.
- No ALGae (2005: 72-73), refírese ao ‘queixo’ (a rexión que ocupa a punta de abaixo dianteira da mandíbula) mais ten moita menor presenza, un 0,59% (1 aparición, en Lánacara).
- E, no LHGO (2020: 205), nomea a rexión do equino que se corresponde co queixo humano. Mellora a porcentaxe de uso con respecto ao ALGa mais co mesmo número de exemplos (1, en Rábade).

O *pulpullo* denomina, no LHGO, por unha banda, a ‘articulación que se sitúa por riba do soldadoiro’ nun equino (2020: 245) e, por outra, as ‘partes avultadas posteriores’ na ‘rexión lateral do casco’ (2020: 255-256). Co primeiro valor, aparece en Abadín e, co segundo, en Mondoñedo e Muras. No ALGae, refírese ao ‘papo do dedo’ (2005: 98-99), en Moeche, A Pastoriza e Ames. No GVGH, non se documenta; no entanto, rexistra as denominacións *pulpillo* e *porpullo* para a ‘parte de la pezuña del animal que está en contacto con el suelo’ (1985: s.v. *pulpillo*)¹⁹. *Pulpillo* documéntaa en Aranga, Touro e Sobrado (A Coruña) e *porpullo*, en Ribadeo.

No que respecta a *xoello*, que na base de datos do LHGO aparece situada nas falas de Portugal (Valença do Minho –2 informantes–, Paredes de Coura, Terras de Bouro, Miranda do Douro, Bragança) e en Lobios; no ALGae

¹⁹ No ALGae 2005: 98-99, aparecen unha serie de denominacións máis cos lexemas *pulp-*, *polp-*, *poup-*, *palp-*, *porp-* e *parp-* e, no GVGH (1985: s.v. *pulpillo*), as formas *pulpín* e *purpullo* para denominar o ‘pulpejo’.

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Abortar	9	2	15	20	1,19	14,02
Aborto	5	95	24	11,11	56,88	22,43
Espoltrar(se)	4 2 <i>espoltro</i>	1 1 <i>espoltro</i>	10 1 <i>espontrarse</i> 1 <i>espoldrar</i>	8,88 4,44	0,59 0,59	9,35 0,94 0,94
Malparir(se)	4	- 82 <i>malparto</i> 1 <i>malparizo</i>	9 4 <i>malparido/a</i>	8,88	- 49,11 0,59	8,41 3,74

Táboa 10. Voces para a acción de interromperse a xestación

(2005: 130-131), só figura na Caniza. Este volume do atlas tamén contempla a variante *xoennlo* noutro lugar próximo, en Avión²⁰.

3.3. Accións vitais

Nesta terceiro e último subgrupo, achegamos unidades denominativas que designan accións, quer voluntarias, quer involuntarias, que realizan os animais –humanos incluídos–. Xeralmente, trátase de verbos máis tamén incluímos algúns substantivos que están estreitamente vinculados con eles e que tamén son compartidos polas obras fonte.

3.3.1. *Abortar, aborto, espoltrar(se), malparir(se)*

E, para comezarmos, facémolo cunha serie de voces que, ao igual que as que tiñan que ver coas que denominaban a ‘femia estéril’ (cfr. § 3.1.5), posúe tamén –aínda que non tanta– certa tradición na análise dialectal do contexto lingüístico co que traballamos (Álvarez Pérez 2010: 61-64).

Dos tres verbos que comparte o LHGO coas outras dúas obras (Táboa 10), o máis usado é *abortar*, a pesar de case non aparecer no ALGa (porque non é un concepto que recolla como tal, senón que compila as unidades que corresponden co substantivo *malparto* e non co verbo; ALGae 2005: 474-475). *Abortar* é a voz que presenta maior frecuencia no GVGH e no LHGO (iso si, cun 5,98% menos de frecuencia de uso). En cambio, é *aborto* quen aparece cunha presenza destacábel no ALGa; ademais, no LHGO, aumentou máis de 11

puntos a porcentaxe de uso en comparación co GVGH.

Con *espoltrarse*, un verbo que sospeitamos que se adoita aplicar, maioritariamente, aos animais –‘abortar un animal’, di o GVGH (1985: *espoltrar*)– e que aparece, de forma excepcional, tamén nas notas ao pé do ALGae (2005: 474-475), acontece algo semellante: case non aparece no ALGa e presenta unha porcentaxe media de emprego semellante nas outras dúas fontes, no entanto, cun 0,47% na obra máis recente (e podería ser incrementada se incluísemos as variantes *espontrarse* e *espoldrar*). O que resulta salientábel, tamén é a ausencia da voz *espoltro* no LHGO, que si aparece –iso si, con pouca presenza– nos outros dous estudos.

No caso de *malparir(se)*, que presenta un uso moi similar a *espoltrar(se)* no GVGH e no LHGO, é o único que non figura no ALGa. No entanto, si compila a forma *malparto* (e *malparizo* 1 vez) que ten unha presenza só lixeiramente menor ca *aborto* pero que non aparece nin no glosario de Constantino García nin na tese sobre hipoloxía.

No que respecta á distribución diatópica destas designacións, no mapa da Figura 4, pódese ver como *espoltrar(se)* é a que presenta unha área moito máis definida e delimitada que se sitúa no norte da provincia de Lugo e no nordeste da da Coruña. *Aborto*, ao posuír 95 puntos de localización, amosa unha presenza destacada que, a non ser nalgunhas zonas en que case non aparece (na provincia de Lugo, na rexión noroeste coruñesa e central e noroeste da de Ourense), praga o mapa de puntos vermellos²¹.

²⁰ Para outras voces próximas, ver o GVGH (1985: *xollo*) e o propio ALGae 2005: 130-131. E, para os diferentes resultados do encontro secundario de E+O acentuado (<Ū) como consecuencia da perda de -N- intervocálico en GENŪCŪLU > *xoennlo*, pódese consultar o ALGac 1999: 140-141.

²¹ Consúltese o ALGae 2005: 474-475 para ver as outras 6 variantes que compila para *aborto* así como tamén a distribución das formas *malparto* e *malparizo*.




Figura 4. Distribución das formas *abortar*, *aborto*, *malparir(se)* e *espoltrar(se)* consonte o GVGH, os ALGa e o LHGO. Fonte: elaboración propia a partir dos datos do GVGH (s.vv. *abortar*, *aborto*, *espoltrar* e *malparir*), do ALGae (2005: 474-475) do LHGO (2020: 484-485) e da base de datos da dita tese

Abortar, dun xeito moito máis tímido, apoia o mesmo espallamento ca o mencionado substantivo. *Abortar* e *aborto* tamén foron as únicas que foron identificadas, polo LHGO, nas falas miñotas. E, en último termo, *malparir(se)* non aparece, por ningures, na provincia de Ourense, 4 veces na de Lugo (3 delas no norte), 5 na da Coruña (3 puntos no sur e 2 no leste central) e 6 na liña sur da provincia de Pontevedra.

O GVGH (1985: *espoltro*) recolle esta voz en San Boulo de Caaveiro e Santa María Cabalar, é dicir, nas dúas parroquias da Capela onde rexistra *espoltrar*. E o ALGae, tamén a atopa no mesmo concello mais na parroquia de Espiñaredo. O LHGO sitúa *espoltrar* en Mondoñedo, *espontrarse* en Narón e *malparido/a* nos termos municipais de Meis, Pontevedra, Boqueixón e Abadín.

3.3.2. *Grinar, griñir, relinchar**, *relincho**, *rinchar*, *rincho*

A emisión e a voz do *Equus ferus caballus* conforman o seguinte grupo denominativo, que tamén se compón de tres verbos e un substantivo. No ALGae (2005: 299), só aparece *rinchar*, como sinónimo de *chiar*, na nota ao pé número 5 sobre a información adicional que compilaron as persoas enquisadoras.

Grinar posúe un rexistro en cada unha das fontes que a contemplan (Táboa 11), porén, perde certa porcentaxe de uso co paso dos anos (un 1,28 dun 2,22). Pola contra, *griñir*, que documenta o LHGO 6 veces, non aparece como tal en ningunha das outras dúas obras, iso si, o GVGH (1985: s.v. *griñuir*) contén a variante *griñuir*, cun único rexistro, como equivalente do castelán *relinchar**.

No que respecta a *rinchar* e *rincho*, baixan frecuencia de uso os dous, ao tempo que a aumentan as formas castelás *relinchar** e

*relincho** (un 22,67%, o verbo; e un 6,19%, o substantivo).

O único lugar en que se escoitou a voz *grinar*, no GVGH e no LHGO, foi no concello lugués de Guitiriz. *Griñir*, en troques, nos pontevedreses de Covelo, Gondomar e Santa María de Oia, nos ourensáns de San Cristovo de Cea e Gome sende, e no coruñés de Lousame; e *griñuir*, no Grove.

O GVGH sinala que *rinchar* é voz común (v.c.) en todo o territorio. Mais o LHGO (2020: 373-374) sitúaa nas provincias de Lugo (Friol, Guitiriz, Abadín, Muras e Xove (2 persoas)), da Coruña (Melide, Moeche, Ortigueira, Santa Comba, Lousame e Porto do Son) e no concello asturiano de Villaión, xa que logo, na metade norte de Galiza. A correspondente forma castelá *relinchar** (tamén portuguesa –DPLP: s.v. *relinchar*–) aparece en Tomiño e no Incio, no glosario de Constantino García, e, no LHGO, polas catro provincias, polo galego estremeiro e nas falas do norte de Portugal; a saber, nos concellos de: Pontearreas, Covelo, Gondomar, Vigo, Tui, Mondariz, Ribadumia, Coles, San Cristovo de Cea, O Carballiño, Baltar, Lobios, Monforte de Lemos, Carballedo (2 persoas), Sarria, Touro, Ortigueira, Narón, Lousame, Porto do Son, Hermisende, Porto de Seabra, Sobrado (León), Villaión, Arcos de Valdevez, Terras de Bouro, Bragança e Vieira do Minho.

Rincho, segundo o GVGH, usábase, en 1969, nos concellos da Capela, Aranga, Carballo, Laxe, Dumbria, Melide, Vila de Cruces, O Valadouro, Xunqueira de Ambía, Montederramo, A Gudiña e Vilardevós (e *relincho** no Incio). E o LHGO, 46 anos máis tarde, nos lugueses de Samos, Guitiriz e Orol e nos coruñeses de Cedeira e Santa Comba. Non os atopa, xa que logo, nin en Pontevedra nin en Ourense. E contempla *relincho** en Vigo, Santa María de Oia, Ribadumia, Coles, Lobios, Samos, Teo, Narón e Valença do Minho.

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Grinar	1	-	1	2,22	-	0,94
Griñir	-	-	6	-	-	5,61
	1 <i>griñuir</i>			2,22		
Relinchar*	2	-	29	4,44	-	27,11
Relincho*	1	-	9	2,22	-	8,41
Rinchar	v.c.	3* 'chiar'	13		1,79*	12,15
Rincho	12	-	5	26,55	-	4,67

Táboa 11. Denominacións para a voz do *Equus ferus caballus*

	Número de rexistros			Porcentaxes de uso		
	GVGH	ALGa	LHGO	GVGH	ALGa	LHGO
Couce	v.c.	5* 1* <i>cou</i>	9		2,99* 0,59*	8,41
Coucear	13	-	3 4 <i>dar</i> <i>couces</i>	28,88	-	2,81
Escoucear	2	-	1	4,44	-	0,94
Patada	7	161*	30	15,55	96,41*	28,04
Pinote	-	1*	1	-	0,59*	0,94

Táboa 12. Formas denominativas para a acción de propinar un golpe cos pés

3.3.3. *Coucear, escoucear, couce, patada, pinote*

En terceiro lugar, dentro das accións, figura este conxunto de denominacións que se refiren ao ‘golpe que se dá cos pés’.

Neste caso, o ALGa, segundo os datos que resultaron na Táboa 12, rexistra 3 das 5 unidades designativas: con 5 aparicións, contempla *couce* (ALGae 2005: 362-363), que sitúa en concellos da franxa central de Galiza (de norte a sur: Cospeito, Vilasantar, San Cristovo de Cea, Entrimo e Calvos de Randín) –1 máis da variante *cou* en Porto de Seabra–; atopa, excepcionalmente, *pinote* en Hermisende; e, *patada* por case a totalidade do mapa (96,41% de frecuencia de uso). Polo tanto, o contraste de empregabilidade entre *couce* e *patada* é moi alto, ao contrario das outras dúas fontes bibliográficas: o GVGH considera *couce* como voz común a todo o territorio e só achega 7 lugares para *patada* e o LHGO, aínda que tamén sitúa a *patada* con máis rexistros ca *couce*, non presenta unha diferenza de uso cuantitativamente tan alta.

No que respecta aos verbos *coucear* e *escoucear*, os dous posúen menos rexistros no LHGO, nomeadamente, o primeiro.

No reparto territorial, comentamos xa onde situaba o ALGa a *couce* (e a *cou*) e a consideración de voz común que lle atribúe o GVGH. En cambio, o LHGO (2020: 355) sitúaa, principalmente, no sur de Galiza (Samos, Coles, Gomesende, Lobeira, Entrimo e Santa María de Oia) e no norte do país luso (Valença do Minho, Arcos de Valdevez, Terras de Bouro e Miranda do Douro).

Tamén adiantamos xa a dispersión que o ALGa lle dá a *patada*. En cambio, o GVGH só a localizou en Carballo, Dumbría, Santiago de Compostela, Vila de Cruces, O Valadouro, Monterroso e A Gudiña. E o LHGO, en Moeche, Porto do Son, Touro, Arzúa, A

Estrada, Moraña, Ribadumia, Santa María de Oia, Tui, Nigrán, Vigo, Ponteareas, Mondariz, Covelo, A Caniza, Paredes de Coura, Lobios, Gomesende, San Amaro, Ourense, Coles, Carballedo, Monforte de Lemos, Samos, Sarria, Guitiriz, Castro de Rei, A Pastoriza, Abadín e Mondoñedo.

Pinote, que o ALGa o situaba en Hermisende, o LHGO localízao no concello ourensán de Lobeira.

En canto aos verbos *coucear* e *escoucear*, o primeiro deles, o GVGH sitúao na Coruña (A Capela, Aranga, Curtis, Tordoia, Santiago de Compostela, Touro, Melide e Sobrado), en Ourense (Xunqueira de Ambía, Castro Caldelas, A Mezquita e Vilardevós) e, de forma excepcional en Pontevedra (Tomiño); e o LHGO, en Pontevedra (Mondariz e Tui) e Ourense (Coles). E o segundo, o estudo de Constantino García sitúao en Santiago de Compostela e Castro Caldelas e, o léxico da hipoloxía, unicamente, en Bragança.

A locución verbal *dar couces*, que só rexistra o LHGO, aparece en lugares dos concellos de Valença do Minho, Baleira, Coles e Samos.

3.3.4. *Cozarse, escofarse*

En cuarta posición, atopamos estes dous verbos que se refiren a cando un animal se rasca contra algo.

Cozarse só aparece unha vez no GVGH, concretamente, no Valadouro co significado de ‘restregarse los animales contra las piedras o árboles’ (1985: s.v. *cozarse*) e, catro veces na base de datos do LHGO: Cedeira, Moeche, Viveiro e Lobios²². *Escofarse*, en número de rexistros, case iguala a *cozarse*, tanto no GVGH (1 vez, en Montederramo) como no LHGO (2 veces, en Gondomar e na Caniza).

Unha variante intermedia, *escozarse*, aparece en LHGO, concretamente, no concello lucense de Abadín.

3.3.5. *Magoar, menciñar*

En quinto e penúltimo lugar, atopamos dúas formas verbais que podemos situar no ámbito da saúde e son sinónimos case complementarios: *magoar* e *menciñar*.

A primeira voz, *magoar*, aparece cun número de rexistros similar no GVGH (1985: s.v. *magoar*) e no LHGO (3 en cada un). Non obstante, fano cunha frecuencia de uso manifestamente menor –debido á diferenza do tamaño da mostra no número de persoas entrevistadas–: 6,66% no GVGH e 2,81% no LHGO²³. Ademais, se o primeiro estudo a sitúa nos concellos galegos de Carballo, Santiago de Compostela e Touro, o segundo só a constata nos de Valença do Minho, Vieira do Minho e Paredes de Coura. No que respecta ao ALGa, non a contén tal cal declinada en infinitivo mais si aparece *magoado* na parroquia de Neda, en Porto do Son (ALGae 2005: 250-251), como sinónimo de *esnafrado*.

A segunda, *menciñar*, tamén se documenta nunha proporción semellante, só que 3 veces no GVGH (en Ribadeo, A Fonsagrada e en Navia de Suarna)²⁴ e 2 no LHGO (en Xove e San Sadurniño (1985: s.v. *manciñar*)). Isto provoca que a porcentaxe de emprego aínda marque un descenso maior entre elas: 6,66%, na primeira e, 1,87%, na segunda.

3.3.6. *Espoldre(x)ar*

E, para rematar coa subepígrafe das accións e tamén co apartado de resultados, achegamos unha última voz que figura como *espoldrexar* e cun único punto de rexistro no GVGH –en Santiago de Compostela–, co significado de ‘brincar’ (1985: s.v. *espoldrexar*), e, como *espoldrear*, no LHGO, tamén cunha única referencia –en Porto do Son– e co significado de ‘ir un equino correndo levantando as extremidades de forma alterna, baixando o pescozo e amosando bravura e liberdade’.

4. Para recapitular

Se reparamos nos datos cuantitativos, das 71 unidades que foron seleccionadas e analizadas, o LHGO comparte, co GVGH, 61 (o 85,92%), co ALGa, 37 (52,12%) e, cos dous, 28 (39,44%). Esta maior coincidencia entre o LHGO e o GVGH acontece nos tres subgrupos (aínda que en distinta proporción): denominación de equinos (22/17), partes do corpo (21/12) e accións vitais (19/8).

Se facemos agora balance xeral das mudanzas e mantemento do conxunto das formas, podemos afirmar, primeiramente sobre a frecuencia de uso, que, das 71 voces, todas variaron o seu emprego; 28 aumentárono (*burro/a*, *egua*, *ganado**, *cabalo padre*, *cabalo enteiro*, *colludo*, *garañón*, *semental*, *mulo**, *cabalo alobado*, *burreño/a*, *clin**, *clina**, *crin*, *meleña*, *dentes*, *canino*, *encia**, *pulpullo*, *xoello*, *aborto*, *espoltrar*, *grñiir*, *relinchar**, *relincho**, *patada*, *pinote* e *cozarse*) e 43 diminuírono (*besta*, *bestia**, *gado*, *gando*, *cabalo de posto*, *marañón*, *macho*, *machorra*, *marnuga*, *maronda*, *madre*, *mai*, *nai*, *encravado*, *cabalo faco*, *crina*, *greñas*, *quilina*, *quina*, *seda/s*, *dentadura*, *cairo*, *caveiro*, *dente mamón*, *mamote*, *o da mama*, *xenxiva*, *lengua**, *lingua*, *nascarilla/s*, *beche*, *abortar*, *malparir*, *grinar*, *rinchar*, *rincho*, *couce*, *coucear*, *escoucear*, *escofarse*, *magoar*, *menciñar* e *espoldre(x)ar*). Entre as formas que subiron a súa frecuencia de uso, 7 son formas castelás e, entre as que baixaron, hai 6 (*gado*, *gando*, *ganado** e *madre*, *mai* e *nai*) cuxo descenso non é realmente valorábel e comparábel de forma bi ou trilateral por mor das diferenzas metodolóxicas entre os 3 estudos, unha vez que, nestas voces, non houbo un sistema homoxéneo de pregunta-resposta nas entrevistas do LHGO.

Entre as unidades denominativas propiamente galegas que aumentaron a súa frecuencia de uso, destacan *burro/a* (para referirse ao *Equus ferus caballus*), *egua*, (*cabalo*) *enteiro*, *semental*, *crin*, *dentes* (como sinónimo de *dentadura*), *aborto* e *patada* porque presentan un incremento superior ao 10%; a saber: 19,27%, 16,44%, 62,26%, 22,31%, 29,20%, 20,64%,

²² No ALGa, non aparece esta forma como tal mais si unha variante moi próxima, *espescozar(se)* que figura no OLV 2008: 181, nas creacións do substantivo *pescozo*, que sitúa en Palas de Rei e Vila de Cruces.

²³ O GVGH contén tamén as variantes *amagoar*, *amaguar*, *magar*, *maguar* e *magurar*; todas elas con números de rexistro que oscilan entre 1 e 3 e situadas todas en lugares da provincia da Coruña.

²⁴ *Manciñar* aparece como voz principal con 5 puntos xeográficos de documentación (A Capela, Curtis, Laxe, Tordoia e Guitiriz). Outra variante que compila o GVGH é *meciñar*, en Vilardevós.

11,32% (é positivo a respecto do GVGH mais presenta un -34,45% se comparamos o LHGO e o ALGa) e 12,49%, de forma respectiva. E, nos castelanismos, a forma *lengua**, que presenta unha frecuencia de uso maior ca *lingua* nas tres obras fonte, descende notoriamente na obra máis recente nun -26,82 (en comparación co GVGH).

No entanto, no outro extremo, tampouco pasan desapercibidas as diminucións de uso que superan o 10% (ou case) de porcentaxe de empregabilidade (*besta*, -13,15%; *macho*, -30,82; *machorra*, -14,41; *maronda*, -11,94; *cabalo faco*, -25,14; *quina/s*, -10,07; *seda/s*, -22,11; *caveiros*, -9,76; *(dente) mamón*, -40,70; *mamote*, -34,61; *lingua*, -13,10; *beche*, -19,06; *rincho*, -21,88; *coucear*, -26,07) nin aqueles castelanismos que aumentaron de forma destacada (*mulo**, 8,18; *clin**, 12,73; *relinchar**, 22,67; *relincho**, 6,19).

Con *ganado** e *encía**, cómpre termos moito coidado dado que, a pesar de achegar valores negativos de aparente descenso (-8,95, a primeira) ou de lixeiro incremento (+4,08, a segunda, se lle restamos o LHGO ao GVGH) o certo é que *ganado** achega o mesmo número de rexistros ca *gado* e 4 máis ca *gando*, cuestión que non acontece nin no GVGH –que non contempla a forma castelá– nin no ALGa –en que o castelanismo posúe menos da metade de rexistros ca calquera das outras dúas denominacións–. E *encía**, ao non aparecer *enxiva* no LHGO e ao posuír *xenxiva* un -0,35 menor de uso, con ese 4,08% que aumenta, aparece como a forma máis frecuente.

Se reparamos agora na información diatópica, de modo xeral, tamén se pode ver como as súas áreas ou lugares de aparición foron mutando co paso do tempo. As denominacións *besta*, *egua*, *machorra*, *marnuga*, *maronda*, *abortar*, *aborto* e *grinar* son as únicas que, con independencia das diferenzas de número de rexistro, manteñen practicamente intactas a súas extensións territoriais. Outras, como *burro/a* (aplicado a *Equus ferus caballus*), *gando*, *cabalo padre*, *cabalo de posto*, *cabalo enteiro* (e o adxectivo *enteiro* con ese mesmo valor), *colludo*, *garañón*, *marañón*, *semental*, *macho* (aínda que en pouca proporción), *madre*, *nai*, *cabalo alobado*, (*cria-mula*) *burreño/a*, *crin*, *crina/s*, *melena*, *dentes* ('dentame'), (*dente*) *cairo* (pouco), *caveiros*, *nascarilla/s* (pouco), *xoello*, *espoltrar(se)*, *malparir(se)*, *griñar*, *patada*, *cozarse* e *escofarse* aumentáronas. Outras variaron os seus puntos de rexistro mais sen incrementalo nin diminuílo en cantidade:

(*besta*) *encravado/a*, *greñas*, *quilina*, *quina/s*, *caninos*, *o da mama*, *pulpullo*, *pinote*, *magoar*, *menciñar* e *espoldre(x)ar*. E outras, tales como *gado*, *mai*, (*besta*) *encravado/a*, *cabalo faco*, *seda/s*, *dentadura*, (*dente*) *mamón*, *mamote*, *enxiva*, *xenxiva*, *lingua*, *beche*, *rinchar*, *rincho*, *couce* (a pesar do aumento en LHGO a respecto do ALGa), *coucear*, *escoucear*, reducíronas.

Entre as denominacións que aumentaron (como *xoello*), mantiveron o número de lugares (como *magoar*) ou incluso reduciron (*gado* véxase a Figura 2, *lingua* ou *couce*), así e todo, tal e como fomos alertando, tamén debemos ter coidado con que esa mellora, conservación ou empeoramento e tratalos con cautela por seren ou teren rexistros xeográficos que se sitúan, na súa totalidade ou en boa parte, nas áreas lusófonas e non nas galegófonas.

En último lugar, compilamos os castelanismos. Por unha banda, aqueles que aumentaron as súas áreas de uso, xeralmente, en prexuízo das formas galegas (*ganado** –véxase a Figura 2–, *mulo**, *clin**, *clina**, *encía**, *relinchar** e *relincho**) e, por outra, aqueles que a redución (*bestia** e *lengua**).

5. Reflexión final

Ao partir e ao traballar cos datos de tres fontes bibliográficas con natureza diferente, puídemos comprobar que facer cálculos ou facer valoracións é tamén asumir un risco que achega as nosas conclusións, por veces, á pura especulación ou hipótese antes ca a uns resultados cientificamente irrefutábeis. Así e todo, consideramos que as porcentaxes de frecuencia de uso son, dunha ou doutra maneira, pistas que nos poden axudar a coñecermos cal é a evolución, social e xeográfica, de unidades denominativas e así sabermos, de primeira man, cales temos que coidarmos aínda máis dende o ámbito da difusión do corpus para asegurarmos o seu mantemento e o seu futuro.

Se ben é certo que o LHGO, baseándose na inmensidade de rexistros que compilou nas súas entrevistas, ten motivos para achegar unha mensaxe optimista sobre a riqueza denominativa da lingua galega no ámbito da hipoloxía:

En terceiro lugar, é salientábel que, malia existir, nesta armazón social, unha cifra baixa de persoas que viven do gando equino, o certo é que hai moitísimos galegos e galegas vinculados, dalgunha forma, con este mundo e usan unha lingua de especialidade chea de vitalidade que presenta unha variación dialectal moi enriquecedora e precisa. (LHGO 2020: 499)

Non obstante, tamén é verdade que fala dun proceso de mecanización, industrialización e desruralización que ten intervido tamén na lingua (véxase LHGO 2020: 117, 156 e 157). Unha mudanza que o doutor Afonso Álvarez menciona, intúe e que el mesmo esquivou na súa tese de doutoramento baseándose unicamente en material xa compilado:

No momento de planificar esta investigación, optouse por traballar unicamente con material xa recollido, sen realizar novas enquisas, atendendo a diferentes razóns, entre as que cabe sinalar tres como as máis representativas:

En primeiro lugar, cómpre ter en conta a nova realidade sociocultural galega: mentres que, non hai tantos anos, a vaca era un animal presente en case cada casa, actualmente a progresiva mecanización do campo, as políticas agrarias ou o

despoboamento e avellentamento do rural provocan unha mudanza radical da situación. (OLV 2008: 15)

Xaora que o proceso de desruralización, industrialización e mecanización transformou e continúa a mudar a sociedade e a lingua galegas. Mais será este o motivo que se esconde detrás das mudanzas que sufriron boa parte das 71 unidades denominativas que achegamos neste traballo?, ou serán esoutras cuestións metodolóxicas que distinguen as tres obras fonte? Se cadra, para facer unha valoración 100% confiábel, habería que volver facer os mesmos cuestionarios que se pasaron en 1969 nos mesmos 45 lugares que compila o GVGH ou o mesmo que se realizou nos mesmos 167 puntos xeográficos do ALGa.

6. Referencias bibliográficas

- ALGaa = Fernández Rei, Francisco (coord.) (1990): *Atlas lingüístico galego. Volume I, 1: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGab = Álvarez Blanco, Rosario (coord.) (1995): *Atlas lingüístico galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGac = González González, Manuel (coord.) (1999): *Atlas lingüístico galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGad = Fernández Rei, Francisco (coord.) (2003): *Atlas lingüístico galego. Volume IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGae = Álvarez Blanco, Rosario; Francisco Dubert García e Xulio César Sousa Fernández (coords.) (2005): *Atlas lingüístico galego. Volume V: Léxico. O ser humano (I)*. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza & Universidade de Santiago de Compostela.
- ALGaf = Álvarez Blanco, Rosario; Francisco Dubert García e Xulio César Sousa Fernández (coords.) (2020): *Atlas lingüístico galego. Volume VII: Léxico. O ser humano (II)*. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza & Universidade de Santiago de Compostela.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2010): ““E os da banda d’alá son máis estranxeiros ca os de Madri?” Estudo contrastivo de designacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 37, pp. 57-88, <https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/6008/59-90.pdf?sequence=1&isAllowed=y> [consulta: 07/08/2021].
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso e João Saramago (2012): “Áreas lexicais galegas e portuguesas: um novo olhar para a proposta de Cintra”, *Estudis romànics* 34, pp. 55-97, <https://publicacions.iec.cat/repository/pdf/00000181%5C00000009.pdf> [consulta: 07/08/2021].
- Cintra, Luís F. Lindley (1962): “Áreas lexicais no território português”, *Boletim de Filologia* XX, pp. 273-307, http://cvc.instituto-camoes.pt/hlp/biblioteca/areas_lexicais.pdf [consulta: 07/08/2021].
- Costas González, Xosé-Henrique (2005): “Achegas ao léxico do galego falado no Val do Río Ellas”, *Cadernos de Lingua* 27, pp. 127-153, https://academia.gal/documents/10157/23708/Cadernos_27.pdf [consulta: 07/08/2021].
- DPLP = PRIBERAM INFORMÁTICA SA (2008-2013): *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*. Lisboa: Priberam Informática SA, <http://www.priberam.pt/dlpo/> [consulta: 23/08/2021].
- DRAG = González González, Manuel (dir.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, <http://www.realacademiagalega.org/dicionario/#inicio.do> [consulta: 07/08/2021].
- GVGH = García, Constantino (dir.) (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba, anuario galego de filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- LHGO = Groba Bouza, Fernando (2020): *O léxico da hipoloxía no galego oral*. Vigo: Universidade de Vigo, <http://www.investigobiblioteca.uvigo.es/xmlui/handle/11093/1742> [consulta: 07/08/2021].
- OLV = Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2008): *O léxico da vaca. Nomes baseados no físico*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/2438> [consulta: 07/08/2021].